

Colección: Fundación Luís Seoane

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Alberto Vilanova do 03/02/1971

Colección:

Data: 03/02/1971

De:

Luís Seoane;

Para:

Alberto Vilanova;

Orix:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Temáticas:

A Nosa Terra [xornal 1916-1936]; *Cuco Rei*; Asuntos particulares; Emigración; Migracións;

Mencionados:

Rafael Dieste; Manuel Fuentes Jorge; Ramón Mourente; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Alberto Vilanova do 03/02/1971

Buenos Aires, 3 de febreiro de 1971

Sr. D.

Alberto Vilanova

Ourense

Meu querido amigo:

Recibín fai días a túa carta que agradézoche moito. Non tiña noticias túas, mais supoñía que andarías por Madride adicado ós teus traballos. Eiquí pasaron moitas cousas. Co gallo de que defendín a Dieste dun ataque na seición Revoldaina de *A Nosa Terra*, adicáronme no número seguinte tres columnas inxuriándome de tódolos xeitos. Penso que dixeron de min máis cousas que de Mourente e atacaron novamente a Dieste. Tivéronme mal todo iste tempo, pois lembreime de todo canto

renunciei pra sere leal a min mesmo e ás miñas ideas, e cal tiña de sere a partir destas colaboraciós, a anónima e a Revoldaina, e o criterio que terán de min a resposta. Xa a verás cando veñas. Supoño que todo vén do Val Capone, como ti lle dis, pois aceptei, con condiciós, integrar, en nome da Xunta Direitiva do Centro, o famoso Instituto de Cultura i él tiña feito toda crase de maniobras pra que eu non aceptase como as fixo pra apartarme da revista. Soio no Centro matina caciquear o que se poida dacordo con dúas ou tres persoas desa. Eu estórbolle. Coma él pasou a sere empregado do Centro, rentado, coma se di eiquí, quedaba en condiciós peores fronte a min, por eso malicio que todo parte del. Xa falaremos con calma desto cando regreses.

Miñones caeu por unha escada i está internado na Sociedade Española de Socorros Mutuos, parece que a caída afetoulle á columna sen moita importancia, pero ten que gardar repouso. De ahí recibín hoxe a noticia da morte de Fuentes Jorge, na súa casa de Vidán a carón de Santiago.

Esto é todo. Cuco Rei gárdocho eiquí. Recibe o saúdo de Maruja e unha forte aperta do teu amigo:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.